

A FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN SUSPENDE TODAS AS COMPETICIÓNS DE ÁMBITO AUTONÓMICO, PROVINCIAL E AMISTOSO, DURANTE AS VINDEIRAS DÚAS SEMANAS.

Ante a situación que está xerando a expansión do COVID-19, e logo do comunicado emitido pola Real Federación Española de Balonmán no que acorda a suspensión de todas as competicións estatais, oficiais, amigables, profesionais e amateurs, e recomendando a mesma medida ás federacións territoriais.

A Federación Galega de Balonmán acorda SUSPENDER a partir de mañá xoves día 12, TODAS as competicións Autonómicas, provinciais e amigables durante un período de dúas semanas.

Recoméndase aos clubs suspendan os adestramentos de todas as categorías.

Desde a Federación non se quere crear ningún tipo de alarma, e esta decisión extraordinaria adóptase para garantir a saúde e seguridade dos nosos deportistas, previa consulta ás autoridades sanitarias correspondentes.

Nas vindeiras datas procederase a formular unha proposta para a celebración dos partidos correspondentes ás xornadas afectadas.

Vigo, 11 de marzo de 2020